

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-20

IES LAURO OLMO

CURSO: 1º de BACHARELATO

MATERIA: FILOSOFÍA

12 de maio de 2020

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias imprescindibles.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Información e publicidade.**

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA DO IES LAURO OLMO

MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIAS DEBIDAS Á PANDEMIA PRODUCIDA POLO COVID-19

1.- INTRODUCCIÓN: Debido a suspensión das clases lectivas presenciais dende o pasado venres día 13 de marzo xunto coas medidas de confinamento decretadas desde o Goberno central do Estado de Alarma houbo que adaptar ás programacións didácticas das distintas materias en consonancia coas directrices marcadas polo Ministerio de Educación e a Consellería de Educación que publicaron instrucións de orientación para adaptar o ensino a esta nova situación. BOE do 24 de abril e DOGA do 27 de abril, ambos deste do 2020.

Tendo en conta este último documento oficial, os Departamentos didácticos de cada Centro educativo deben redactar un documento independente da programación didáctica onde se contemplan os seguintes apartados:

a.- A identificación das aprendizaxes (é dicir estándares de aprendizaxe) e competencias (é dicir competencias clave) imprescindibles que debería desenvolver cada alumno para cada materia, que servirá de referente para deseñar as actividades de recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación que se desenvolve durante o terceiro trimestre.

b.- A avaliación e cualificación do alumnado adaptarse e realizarse sobre as aprendizaxes realizadas durante o 1º e 2º trimestre, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación durante o confinamento, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta a aprendizaxe en competencias imprescindibles anteriormente identificadas.

c.- Procedementos para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria. Hai pois que sinalar como se vai a proceder o cálculo da cualificación, tendo en conta que o alumno ou alumna, en ningún caso se encontrará prexudicado como consecuencia das dificultades producidas polo cambio de metodoloxía a distancia deste terceiro trimestre, polo que non poderá ver diminuídos os resultados desta avaliación final con respecto ás avaliacións precedentes.

d.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Neste punto establécese neste documento que no caso de que haxa algún alumno ou alumna do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa poderá ser convocado a unha proba telemática se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais.

Dita proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

e.- A adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-20 será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan os dereitos do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

FILOSOFÍA (1º de Bach.)

Os obxectivos xerais de etapa que se tiveron presentes son: afianzar o hábito de lectura; dominar a lingua galega; adquirir unha conciencia cívica responsable; utilizar con responsabilidade as TIC e valorar e coñecer as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos así como os principais factores da súa evolución.

2.- Para as actividades de recuperación da 1ª avaliación tívoise tamén en conta os seguintes criterios educativos que se seleccionaron da Programación didáctica

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Definición da filosofía como explicación racional sobre a orixe e constitución do mundo	Saber contextualizar a orixe da filosofía e as súas diversas etapas históricas.	É capaz de explicar a orixe da filosofía e os seus trazos xerais.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais.
As épocas históricas da filosofía e os problemas e filósofos máis salientables de cada época .	Saber distinguir súas diversas etapas históricas da filosofía.	Sabe distinguir as épocas da filosofía e os problemas propios de cada unha delas.	Competencia de comunicación lingüística; competencia de expresións culturais;
A orixe da filosofía: o paso do mito ao logos.	Identificar a diferenza entre as explicacións míticas e as explicacións racionais.	Identifica as mensaxes dos mitos e os diferenza das explicacións de tipo racional	Competencias de comunicación lingüística; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender; Competencia de expresións culturais.
O uso teórico e o uso práctico da razón	Comprender a distinción	Sabe explicar que é a filosofía teórica e cal é a súa pretensión.	Competencias de comunicación lingüística;

	entre filosofía teórica e filosofía práctica.	É capaz de explicar en que consiste a filosofía práctica.	Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender; Competencia de expresións culturais.
Identificación da filosofía, sinalando a distinción entre ciencia e filosofía.	Sinalar a como se contrapón a filosofía fronte a ciencia, o que teñen en común e no que se diferencian	Contrapón o saber filosófico ao saber científico técnico	Competencias de comunicación lingüísticas; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender; Competencia en matemática e en ciencias e tecnoloxías.
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Busca os trazos comúns entre ciencia e filosofía: racionalidade crítica e reflexión.	Entender e explicar a diferenza específica da filosofía con outras formas de saber como a ciencia	Coñece a diferenza entre ciencia, filosofía	Competencia de comunicación lingüística; Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxías; Competencia de aprender a aprender.
Diferenciación entre a filosofía, fundada na razón, e a relixión, apoiada na fe e na revelación.	Entender e explicar a diferenza específica da filosofía con outras formas de saber como a relixión	Coñece a diferenza entre filosofía e relixión, atendendo as relacións que se deron durante a Idade Media entre a razón e a fe	Competencia en comunicación lingüística; Competencia e expresións culturais; e competencia en ciencias e novas tecnoloxías; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.
Presentación dos problemas actuais que afronta a filosofía.	Comprender os retos aos que hoxe en día se enfrenta a filosofía.	Comprende os retos aos que hoxe en día se enfrenta a filosofía.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender
	Aprender a pensar argumentando de forma crítica sobre o presente	Aprende a pensar argumentando de forma crítica sobre o presente	
A independencia da filosofía fronte ás institucións de poder.	Comprender a utilidade da filosofía hoxe en día	Comprende o por qué hai que estudar filosofía hoxe en día	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender.
A filosofía é unha reflexión crítica que aspira a formar seres libres.	Afianzar o valor imprescindible da reflexión filosófica	Afianza a importancia do valor que ten a filosofía no día de hoxe.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender.
Os tipos de razoamentos : a indución e a dedución	Saber o que son os razoamentos e os seus tipos	Sabe o que son os razoamentos e os seus tipos. E elabora razoamentos indutivos e dedutivos	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender.
As ramas da filosofía e os seus nomes	Coñecer as ramas da filosofía e os seus nomes e de que se ocupan	Coñece as ramas da filosofía e os seus nomes así como de que se ocupan	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencia de aprender a aprender.
As principais características	Reflexionar sobre os trazos do	Indica os trazos do coñecemento	Competencia de comunicación lingüística;

do coñecemento científico. Clasificación das ciencias: empíricas, formais, humanas e sociais. As implicacións sociais da ciencia.	coñecemento científico e as súas implicacións sociais. e coñece os diferentes tipos de ciencias e a metodoloxía empregada	científico, coñece a clasificación de diferentes tipos de ciencia e reflexiona sobre as implicacións sociais da ciencia.	Competencia de expresións culturais, Competencia matemática e en ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.
O método científico. O método hipotético-dedutivo: procedemento e dedución.	. Coñecer os principais elementos do método científico e os seus modelos explicativos.	É capaz de servirse dun exemplo para dilucidar as fases das que se compón o método hipotético dedutivo	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia matemática e en ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.

Alguns alumnos de primeiro de Bacharelato na materia de Filosofía, en concreto 7 non superaron a primeira avaliación, pese ter acceso un exame de recuperación da mesma o pasado mércores día 15 de xaneiro. Neste terceiro trimestre se lle ofertaron unha serie de actividades como unha nova oportunidade para a súa superación. Na elaboración de ditas actividades se tiveron en conta os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e competencias clave sinaladas anteriormente.

Para as actividades de reforzo e ampliación neste 3º trimestre tívose tamén en conta os seguintes criterios educativos que se seleccionaron da Programación didáctica

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Darwin: A teoría da evolución: o parentesco de todas as formas de seres vivos. A selección natural	Comprender e explicar en que consiste a teoría da evolución e a aparición do ser humano.	É capaz de explicar que é o evolucionismo, os seus conceptos fundamentais e as súas posibles críticas, así como tamén coñece a procedencia evolutiva do ser humano	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de en ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.
As causas da hominización. A hominización: a aparición da especie humana e os seus factores biolóxicos. A posición erecta da columna, a liberación das mans e a visión frontal.	Recoñecer e distinguir as causas da hominización e a humanización, a relación do ser humano co medio e a singularidade do ser humano	Identifica as causas da hominización e humanización, así como a importancia da interacción co medio e a especificidade do ser humano.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.

A sociabilidade natural dos seres humanos: Aristóteles	Comprender e reflexionar arredor da cuestión da sociabilidade humana. Reflexionar a achega de Aristóteles	Comprende e coñece a achega sobre a sociabilidade natural humana de Aristóteles	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencia de aprender a aprender;
As máis salientables teorías contractualistas de época moderna: Hobbes, Locke e Rousseau	Comprender as teorías máis importantes que se deron sobre a natureza humana: Hobbes, Locke e Roussau	Comprende as teorías máis salientables contractualistas modernas sobre a natureza humana	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencia de aprender a aprender;
Os conceptos de: <i>estado de natureza, contrato social, estado civil</i>	Diferenza os conceptos: <i>estado de natureza, contrato social, estado civil</i>	Diferenzar os conceptos : <i>estado de natureza, contrato social, estado civil</i>	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencia de aprender a aprender
O dereito natural ou iusnaturalismo - O positivismo xurídico ou iuspositivismo	Coñecer e definir as correntes xurídicas do iusnaturalismo e do positivismo xurídico.	Coñece as características xerais tanto da teoría do dereito natural coma do positivismo xurídico e define as súas posicións básicas e distíngueos claramente.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
O Estado como institución moderna: aparición na Modernidade europea como institución monárquica fronte á nobreza feudal. O Estado como garante da sociedade	Coñecer e definir o concepto de Estado, a súa orixe, as súas principais formas e a súa relación coa sociedade civil.	Coñece as características xerais da noción de Estado e as principais teorías sobre a súa orixe	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Formas de lexitimación. Distinción entre legalidade (adecuación á lei) e lexitimidade (fundamento moral).	Coñecer e argumentar criticamente sobre a noción de lexitimidade e a súa relación coas normas sociais, morais e políticas.	Coñece e argumenta sobre a diferenza entre legalidade e lexitimidade	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
A orde democrática na actualidade.	Identificar os trazos que debe posuír un cidadán nunha sociedade democrática	Identifica cal son as características que ten que posuír un cidadán nunha sociedade democrática	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
A ONU como organización para a paz mundial	Entender a necesidade dunha organización internacional que vele pola paz no mundo	Entende o proxecto kantiano de pacificación mundial como precedente da ONU	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Natureza, cultura, sociedade. A socialización	Distinguir os distintos significados do concepto de natureza	Distingue e define as distintas acepcións do concepto de natureza	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais;

	Diferenciar os diferentes sentidos do concepto de cultura	Distingue e define as distintas acepcións do concepto de cultura.	Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
	Comprender en que consiste o proceso de socialización e os axentes socializadores	Comprende en que consiste o proceso de socialización e os axentes socializadores	
O fenómeno da diversidade cultural e as reaccións que suscita: etnocentrismo, relativismo cultural, xenofobia e interculturalismo.	Recoñecer a diversidade cultural e as actitudes humanas ante tal fenómeno mundial: etnocentrismo, relativismo cultural, xenofobia e interculturalismo	Recoñece a diversidade cultural e as actitudes humanas ante tal fenómeno mundial: etnocentrismo, relativismo cultural, xenofobia e interculturalismo	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
A orixe e evolución da linguaxe humana. A relación da linguaxe coa cultura	Reflexionar sobre a orixe da linguaxe humana así como a súa relación coa cultura	Reflexiona sobre a orixe da linguaxe humana así como a súa relación coa cultura	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.
A concepción instrumental da linguaxe. A linguaxe como vehículo e instrumento de comunicación e de relacións sociais. O significado é a condición básica da comunicación.	Comprender e explicar a concepción tradicional da linguaxe e a relevancia do xiro lingüístico.	É capaz explicar a concepción tradicional da linguaxe e a relevancia do xiro lingüístico.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.
-Linguaxe e cultura. A linguaxe constitúe a nosa cultura e a nosa forma de vida.	Relacionar a linguaxe coma constituínte da nosa cultura así como da nosa forma de vida	Identifica a relación que hai entre a nosa linguaxe e a nosa cultura conformando a nosa vida	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
Hipótese de Sapir-Whorf: a linguaxe constitúe a nosa experiencia xeral do mundo.	Comprender a hipótese de Sapir –Whorf en canto que a linguaxe constitúe o noso mundo	Expresa a hipótese de Sapir –Whorf en canto que a linguaxe constitúe o noso mundo	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
O estudo científico da linguaxe. A lingüística estrutural de Saussure. A gramática xenerativa de Chomsky.	Coñecer as principais correntes dos estudos contemporáneos sobre a linguaxe.	É capaz de definir minimamente as principais teorías da linguaxe do século XX.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencias sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender
	Reflexionar sobre a relación entre a linguaxe e a realidade	Pensa sobre a relación entre linguaxe e realidade	
Clasificación das linguaxes. Linguaxe natural e linguaxe artificial. Linguaxes artificiais: linguaxe técnica e linguaxe formal.	Distinguir os tipos de linguaxes cara a concreción da linguaxe artificial da linguaxe formal da lóxica	Distingue os diferentes tipos de linguaxe e identifica a linguaxe formal da lóxica	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais; Competencia de ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.

<p>As funcións da linguaxe. Función apelativa, emotiva e poética. Función referencial, fática e metalingüística.</p>	<p>Identificar as distintas funcións que ten a linguaxe humana, distinguir especialmente a función referencial ao ser a de interese para a ciencia da lóxica</p>	<p>Identifica en textos as funcións da linguaxe. E concédelle unha especial atención á función referencial propia dos enunciados ou proposicións</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de en ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital</p>
<p>As dimensións da linguaxe: semántica, sintáctica e pragmática. A importancia da sintaxe na lóxica formal</p>	<p>Diferenciar as tres dimensións da linguaxe e identificar a sintaxe como a propia da ciencia da lóxica</p>	<p>Distingue as tres dimensións da linguaxe humana e identifica a dimensión sintáctica como a propia da lóxica</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de en ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital.</p>
<p>Formas de razoamento. Definición e obxectivo da lóxica como disciplina filosófica. Distinción entre indución, dedución e inferencia hipotética.</p>	<p>Comprender e explicar en que consisten as principais formas de razoamento e pon exemplos</p>	<p>Comprende e explica mediante exemplos en que consisten as principais formas de razoamento</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia matemática e das ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital</p>
<p>O siloxismo categórico. Definición e historia do siloxismo como forma de argumentación. Os compoñentes do siloxismo: premisas, conclusión e termos</p>	<p>Dominar e recoñecer os elementos básicos da siloxística e sabe utilízalos para resolver e recoñecer os siloxismos válidos.</p>	<p>Domina os elementos básicos da siloxística e sabe utilízalos para resolver e recoñecer os siloxismos válidos.</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia de en ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital</p>
<p>Figuras e modos do siloxismo. As catro figuras do siloxismo, segundo a colocación do termo medio. Os modos do siloxismo, segundo a combinación dos tipos de proposicións. As regras do siloxismo ben formado. A representación dos siloxismos mediante os diagramas de Venn</p>			
<p>-Lóxica de enunciados. A introdución das variables proposicionais: p, q, r, s, etc. As constantes ou conectores: negador, conxuntor, disxuntor, implicador,</p>	<p>Coñecer os símbolos da lóxica formal e as súas condicións de verdade mediante as táboas de verdade.</p>	<p>Coñece os principais conectores da lóxica de enunciados e realiza as táboas de verdade.</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia matemática e nas ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender;</p>

coimplicador e signos auxiliares. -As táboas de verdade. Definición e utilidade das táboas de verdade. Formulación e desenvolvemento dunha táboa de verdade.			Competencia dixital
--	--	--	---------------------

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A lóxica informal e a teoría da	Comprender e reflexionar sobre que é a lóxica informal: aoidentificar a argumentación correcta fronte as falacias	Comprende e reflexiona sobre o que é a lóxica informa eidentifica a argumentación correcta fronte as falacias	Competencia de comunicación lingüística; Competencia matemática e nas ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital
Falacias formais e informais: tipoloxía e exemplificación.	Distinguir entre as falacias formais e as informais así como os seus tipos con exemplos	Distingue entre as falacias formais e as informais así como os seus tipos poñendo esxemplos	Competencia de comunicación lingüística; Competencia matemática e nas ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital
Os paradoxos e os niveis da linguaxe	Comprender e saber desfacer os paradoxos lóxicos apelando aos niveis da linguaxe	Comprende e sabe desfacer os paradoxos lóxicos aplicando a teoría dos niveis da linguaxe	Competencia de comunicación lingüística; Competencia matemática e nas ciencias e novas tecnoloxía; Competencia de aprender a aprender; Competencia dixital

3.- Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Actividades de recuperación (textos con cuestións de reflexión e elaboración da redacción dun texto escrito sobre un tema proposto).</p> <p>Actividades de reforzo e actividades de ampliación con textos con cuestións e no seu caso, identificación en oracións as funcións e dimensións da linguaxe, análises e identificación de tipos de enunciados e argumentos así como a súa validez, os siloxismos e os seus elementos e os paradoxos lóxicos; identificación de falacias.</p>
	<p>Instrumentos: Corrección individualizada das actividades a través da plataforma virtual de Edmodo por medio de arquivos de word ou fotografías.</p>
Cualificación final	<p>PROCEDEMENTOS PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL:</p> <p>Como nesta materia o alumnado non tivo cualificación na segunda avaliación, xa que non se contaban con suficientes datos obxectivos para poder establecer unha</p>

	<p>valoración xusta . Para calcular a cualificación numérica que cada alumno na avaliación final, avaliación ordinaria deste curso, utilizarase a cualificación da primeira avaliación a cal se lle sumará un máximo de 2 puntos segundo a valoración do traballo que veñen facendo neste terceiro trimestre. Aos alumnos que tiñan a 1ª avaliación sen superar e que fixeron as actividades propostas para a súa recuperación seguirase o mesmo procedemento, é dicir, se lle valoran esas actividades de recuperación dunha forma independente sobre 10 puntos e logo se lles sumará un máximo de 2 puntos segundo a valoración resultante das actividades de repaso e ampliación.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>En setembro haberá unha proba para aqueles alumnos que non superaran a materia</p>

<p>4.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</p>	
<p>Actividades</p>	<p>Cuestionarios sobre os distintos estándares de filosofía, con lectura de textos e cuestións de reflexión sobre os mesmos; identificación en oracións as funcións e dimensións da linguaxe, análises e identificación de tipos de enunciados e argumentos así como a súa validez, os siloxismos e os seus elementos e os paradoxos lóxicos; identificación de falacias.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Agás dunha alumna, todo o alumnado ten acceso a internet.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Os materiais e recursos utilizados son apuntamentos, textos, cuestionarios e direccións de urls, se é o caso que se lle facilitarán ao alumnado na plataforma educativa virtual.</p>

5.- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e as familias por medio da plataforma educativa virtual que se estea utilizando e no seu defecto por medio de correos electrónicos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

O Barco, a 12 de maio de 2020

Xefa do Departamento de Filosofía do IES Lauro Olmo

Ana M^a Cobo Rodríguez